

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 17 DE AGOSTO DE 2026

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezasete de agosto de dous mil vinte e seis, baixo a presidencia da Excm. Sra. alcaldesa, Sra. D.^a MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ reúnen os concelleiros e concelleiras: D.^a MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO, D.^a SILVIA COLMENERO GUZMÁN, D. JAVIER VÁZQUEZ PRADO, DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY e asiste a concelleira non adscrita, D.^a MARÍA REIGOSA CASTRO. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Javier Vázquez Prado, e asisten á sesión a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, dona Ana María Rivas García, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

1. ACTA.- Acordouse deixar sobre a mesa a aprobación da acta da sesión da Xunta de Goberno Local do 13 de xullo de 2026.

ÁREA DE GOBERNO DE URBANISMO

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Aprobouse a licenza para construción de edificio, para residencia de persoas maiores, na rúa Cidade de Viveiro, números 9-11-13-15 e rúa Isaac Díaz Pardo, números 22-24-26-28-30 (Exp. 2022/Y001/000276) (2026/G004/000514).

ÁREA DE GOBERNO DE ECONOMÍA, PARTICIPACIÓN, SERVIZOS Á VECIÑANZA E BENESTAR ANIMAL

3. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acordouse deixar sobre a mesa a adxudicación do contrato para a construción dunha pasarela peonil sobre a ronda da República da Argentina (exp. ref. 2026/C002/000001) pendente da previa contestación á solicitude de ADEGA.

- Tamén se aprobou a apertura do procedemento de contratación do patrocinio publicitario do festival 'Caudal Fest 2026', os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, así como o gasto e adxudicación por procedemento negociado sen publicidade (Exp. Ref. 2026/C005/000006).

Fóra da orde do día, adoptáronse os seguintes acordos:

- Aprobouse a prórroga da comisión de servizos no posto de traballo de encargado de Augas no Servizo de Augas do Excmo. Concello de Lugo á persoa que o viña desempeñando.

ACTAS E GOBERNO

AMRG/nmf

Ref: 26extractoxg36

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 17-8-2026

- Tamén se aprobou a adxudicación do contrato derivado do acordo marco, cun único empresario, para a subministración de licenzas para a ampliación da solución de protección avanzada EDR - tras a adhesión ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento dunha administración dixital (exp. ref. 2026/C004/000017) a Telefónica Soluciones de Informática y Comunicaciones de España, S.A.U.

- Así mesmo, aprobáronse as bases xerais reguladoras e a convocatoria para a concesión de subvencións ás asociacións deportivas e persoas xurídico-privadas sen ánimo de lucro, que desenvolven a súa actividade no eido de deportes (Área de Cultura, Educación, Deportes, Infancia e Xuventude) e para a promoción e o fomento do deporte e actividade física no Concello de Lugo. Exercicio económico 2025 e primeiro semestre do exercicio económico 2026.

- Por último, aprobouse a atribución temporal de funcións como xefe da Brigada de Prevención de Incendios ao funcionario de carreira don Miguel Ángel Negral Fernández.

Asinado dixitalmente pola titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, dona Ana María Rivas García e o tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Cultura, Educación, Deportes, Infancia e Xuventude e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Javier Vázquez Prado.